



FICHA DIDÁCTICA MADAME DE TREYMES



Texto: Edith Wharton

Ilustracións: Dakota Hernández

Tradución: Iago Nicolás Ballesteros

Idioma: Galego

Encadernación: Rústica con solapas

IBIC: FC

Medidas: 14 x 24 cm

Páxinas: 120

ISBN: 978-84-18667-98-5

PVP: 18,50 €

Edith Wharton analiza e critica como os costumes e lazos sociais afogan as esperanzas de alcanzar a felicidade dunha muller nunha familia francesa de principios do século XX. Atrapada nun matrimonio infeliz, o divorcio parece impensable para a poderosa familia do seu marido, até que o seu namorado John Durham se reúna coa enigmática Madame de Treymes, a única que quizais poida dar o seu brazo a torcer. Cunha solvencia narrativa fóra de toda dúbida, a autora crea personaxes profundos e intensos, que se debaten entre o amor romántico e o amor familiar.

Antes da lectura...

- A novela ten lugar en Francia a principios do século XX, mais dous dos protagonistas son estadounidenses. Que **diferenzas** había naquela época entre ambos continentes?
- Presentar a **Edith Wharton como autora** e mencionar as súas obras máis famosas. Que a fai unha escritora relevante?
- Edith Wharton emprega moito a retranca na súa obra, unha mirada con frecuencia crítica co propio ambiente do que ela provén. Explicar en **que consiste a retranca** e buscar outros exemplos na literatura.





Despois da lectura...

- Que comportamentos e diferenzas de valores representan as personaxes principais? Cres que as diferenzas culturais que explora Wharton seguen vixentes hoxe en día?
- As presións familiares imposibilitan a felicidade de Madame de Malrive, que non pode divorciarse sen que haxa consecuencias para ela e o seu fillo. Mais, a que se deben en realidade esas presións, que as motiva? De que xeito os prexuízos sociais ou a presión familiar poden frear, aínda hoxe, a liberdade individual?
- Madame de Malrive e o seu marido xa levan vidas separadas, por que cres que era tan importante para ela divorciarse? Que cambios supuxo na sociedade a legalización do divorcio e como cambiou co tempo a percepción deste?
- Madame de Treymes é unha personaxe ambigua e un chisco misteriosa, que obra sempre en función do seu propio interese. É a única personaxe que o fai? Que momentos de ambigüidade moral hai na novela?

